

ADIVIÑAS

Aquí tendes catro adiviñas. Podes lelas, pensar as solucións e, cando as teñas, comprobar se acertaches lendo a liña final da ficha. Despois cópiaas e trata de memorizalas para preguntarlle aos demais. A ver se acertan!

Saio do frío vou para o calor e nin son inverno nin o verán son. Sempre teño flores Ao meu arredor (1)	Son sete irmáns e todas bailan a un compás. Se sabes como son podes facer una canción. (2)
Dúas pinzas ten, camiña cara atrás, vive na auga do río e do mar. (3)	Ten agullas e non cose, non se move, pero anda se lle dás corda funciona e o paso do tempo sinala. (4)

Solucións: 1- A primavera, 2- As notas musicais, 3- O cangrexo, 4- O reloxo.